



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 6 DE XUÑO DE 2024

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as once horas do día seis de xuño de dous mil vinte e catro, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, réunese o Pleno municipal en sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona María Dolores Pan Lesta, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D. DAVID LÓPEZ SABORIDO
D.^a MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR

Polo grupo municipal do PP:

D.^a DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ
D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 6 de xuño de 2024, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202406060900110000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

ÚNICO. CUESTIÓN DE CONFIANZA VINCULADA Á APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE CAMBRE PARA O EXERCICIO 2024

Acceso á videoacta – 00:00:33 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 3 de xuño de 2024 (CVD: dPQXyR2Ybh0DAea8vFbn) que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA POLA QUE SE FORMULA CUESTIÓN DE CONFIANZA VINCULADA Á APROBACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2024

Visto o establecido no artigo 197 bis da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral que dispón:

«1. O alcalde poderá formular ao pleno unha cuestión de confianza, vinculada á aprobación ou modificación de calquera dos seguintes asuntos:

a) Os orzamentos anuais (...).

2. A presentación da cuestión de confianza vinculada ao acordo sobre algún dos asuntos sinalados no número anterior figurará expresamente no correspondente punto da orde do día do Pleno, requiríndose para a adopción dos ditos acordos o “quórum” de votación esixido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para cada un deles. A votación efecturase, en todo caso, mediante o sistema nominal de chamamento público.

3. Para a presentación da cuestión de confianza será requisito previo que o acordo correspondente teña sido debatido no Pleno »

Visto que, trala substantación do oportuno expediente e dilixencias pertinentes, o Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 30 de maio de 2024, rexeitou a proposta de aprobación inicial do Orzamento xeral e do cadro de persoal do Concello de Cambre para o exercicio 2024, xunto coa emenda da Alcaldía de data 29 de maio de 2024 (CVD: IOt+1hPGpj7xl39PjyJT), formulada ao ditame da comisión informativa, e, polo tanto, estase a cumprir co requisito mencionado no artigo 197 bis.3.

Visto que por esta Alcaldía considérase que a situación do orzamento prorrogado é unha situación transitoria e necesaria derivada da falta de aprobación duns orzamentos para este exercicio corrente, pero inconveniente e prexudicial para o interese colectivo do conxunto dos cidadáns e co ánimo de conseguir que poida dispoñerse a súa aprobación dentro da marxe que resulta posible polas circunstancias e condicións que o enmarcan.

Visto canto antecede, elevo ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar a cuestión de confianza presentada pola Alcaldía entendéndose esta outorgada.

Segundo.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Cambre para 2024, xunto cos seus anexos e Bases de execución, coa modificación ao Anexo de Persoal, partida 912: Personal de confianza (Libre designación) nos termos da emenda formulada pola Alcaldía o 29 de maio de 2024 (CVD: IOt+1hPGpj7xl39PjyJT), por importe de 21.080.437,96 euros, co seguinte resumo por capítulos:

| CAPÍTULO INGRESOS | TOTAL | CAPÍTULO GASTOS | TOTAL |
|-------------------------------------|------------------------|-------------------------------------|------------------------|
| OPERACIÓNS CORRENTES | | OPERACIÓNS CORRENTES | |
| 1 IMPOSTOS DIRECTOS | 6.905.000,00 € | 1 GASTOS DE PERSOAL | 7.887.566,93 € |
| 2 IMPOSTOS INDIRECTOS | 398.000,00 € | 2 G.TOS. BENS CTES. E SERV. | 9.370.949,35 € |
| 3 TAXAS E OUTROS INGRESOS | 3.897.293,78 € | 3 GASTOS FINANCEIROS | 125.000,00 € |
| 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES | 8.688.100,64 € | 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES | 1.556.164,00 € |
| 5 INGRESOS PATRIMONIAIS | 313.777,14 € | | |
| Total Operacións Correntes | 20.202.171,56 € | Total Operacións Correntes | 18.939.680,28 € |
| OPERACIÓNS DE CAPITAL | | OPERACIÓNS DE CAPITAL | |
| 6 ALLEAMEN. INVESTIMENTOS REAIS | | 6 INVESTIMENTOS REAIS | 2.090.147,68 € |
| 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 844.656,40 € | 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 17.000,00 € |
| Total Operacións de Capital | 844.656,40 € | Total Operacións de Capital | 2.107.147,68 € |
| OPERACIÓNS FINANCEIRAS | | OPERACIÓNS FINANCEIRAS | |
| 8 ACTIVOS FINANCEIROS | 33.610,00 € | 8 ACTIVOS FINANCEIROS | 33.610,00 € |
| 9 PASIVOS FINANCEIROS | | 9 PASIVOS FINANCEIROS | |
| Total Operacións financeiras | 33.610,00 € | Total Operacións financeiras | 33.610,00 € |
| TOTAL INGRESOS | 21.080.437,96€ | TOTAL GASTOS | 21.080.437,96 € |

Terceiro.- Expoñer ao público o anuncio de aprobación inicial por prazo de quince días hábiles mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, así como no taboleiro de anuncios e sede electrónica do Concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións ante o Pleno, que consideren oportunas.

No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o Orzamento Xeral do Concello para o 2024.

Cuarto.- Aprobar o cadro de persoal do Concello de Cambre para o ano 2024 segundo se transcribe a continuación:

CADRO PERSOAL 2024

FUNCIONARIOS

| Denominación da Praza | PRAZAS | GRUPO-SUBGRUPO | Escala | Subescala | Clase |
|-----------------------|--------|----------------|----------------------|-------------------------|----------|
| Secretaría Xeral | 1 | A1 | Habilitación estatal | Secretaría | Superior |
| Interventor | 1 | A1 | Habilitación estatal | Intervención-Tesourería | Superior |
| Tesoureiro | 1 | A1 | Habilitación estatal | Intervención-Tesourería | Superior |
| Técnico | 2 | A1 | Administración Xeral | Técnica | |



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

| | | | | | |
|--|----|----|-------------------------|---------------------|---------------------|
| Arquitecto | 1 | A1 | Administración Especial | Técnica | Técnicos superiores |
| Enxeñeiro de camiños, canles e portos | 1 | A1 | Administración Especial | Técnica | Técnicos superiores |
| Bibliotecaria-arquiveira | 1 | A1 | Administración Especial | Técnica | Técnicos superiores |
| Coordinador actividades culturais e educativas | 1 | A1 | Administración Especial | Servicios especiais | Cometidos especiais |
| Coordinador de servizos sociais | 1 | A1 | Administración Especial | Servicios especiais | Cometidos especiais |
| Axente de desenvolvemento local | 3 | A1 | Administración Especial | Servicios especiais | Cometidos especiais |
| Técnico de promoción económica | 1 | A1 | Administración Especial | Servicios especiais | Cometidos especiais |
| Técnico de xestión | 2 | A2 | Administración xeral | Xestión | |
| Aparellador | 1 | A2 | Administración Especial | Técnica | Técnicos medios |
| Enxeñeiro técnico industrial | 1 | A2 | Administración Especial | Técnica | Técnicos medios |
| Enxeñeiro técnico de obras públicas | 1 | A2 | Administración Especial | Técnica | Técnicos medios |
| Graduado social | 1 | A2 | Administración Especial | Técnica | Técnicos medios |
| Técnico de xestión económico-financeira | 2 | A2 | Administración Especial | Técnica | Técnicos medios |
| Traballadora social | 3 | A2 | Administración Especial | Técnica | Técnicos medios |
| Educador social | 2 | A2 | Administración Especial | Técnica | Técnicos medios |
| Dinamizador cultural | 1 | A2 | Administración Especial | Servicios especiais | Cometidos especiais |
| Inspector policía local | 1 | A2 | Administración Especial | Servicios especiais | Policía Local |
| Coordinador deportivo | 1 | B | Administración Especial | Técnica | Técnicos auxiliares |
| Administrativo | 6 | C1 | Administración Xeral | Administrativo | |
| Delineante | 1 | C1 | Administración Especial | Técnica | Técnicos auxiliares |
| Encargado de obras | 1 | C1 | Administración Especial | Servicios especiais | Cometidos especiais |
| Encargado de servizos | 1 | C1 | Administración Especial | Servicios especiais | Cometidos especiais |
| Animador xuvenil | 1 | C1 | Administración Especial | Servicios especiais | Cometidos especiais |
| Animador deportivo | 2 | C1 | Administración Especial | Servicios especiais | Cometidos especiais |
| Oficial policía local | 2 | C1 | Administración Especial | Servicios especiais | Policía Local |
| Policía local | 22 | C1 | Administración Especial | Servicios especiais | Policía Local |
| Administrador sistema informático | 1 | C1 | Administración Especial | Técnica | Técnicos auxiliares |
| Informático auxiliar | 1 | C1 | Administración Especial | Técnica | Técnicos auxiliares |
| Auxiliar administrativo | 26 | C2 | Administración Xeral | Auxiliar | |
| Auxiliar réxime interior | 1 | C2 | Administración Especial | Servicios especiais | Cometidos especiais |
| Auxiliar turismo | 1 | C2 | Administración Especial | Servicios especiais | Cometidos especiais |
| Auxiliar biblioteca-arquivo | 6 | C2 | Administración Especial | Servicios especiais | Cometidos especiais |

| | | | | | |
|---|----|---------------------------------|--------------------------|---------------------|----------------------|
| Auxiliar monitora 3ª idade | 1 | C2 | Administración Especial | Servicios especiais | Cometidos especiais |
| Axente protección civil | 4 | C2 | Administración Especial | Servicios especiais | Cometidos especiais |
| Informador xuvenil | 1 | C2 | Administración Especial | Servicios especiais | Cometidos especiais |
| Conserxes | 16 | Outras agrupacións profesionais | Administración Xeral | Subalterna | |
| Capataz de brigada de obras | 1 | Outras agrupacións profesionais | Administración Especial | Servicios especiais | Persoal de oficios |
| Oficial obras | 1 | Outras agrupacións profesionais | Administración Especial | Servicios especiais | Persoal de oficios |
| Operario parque móbil e inmobles | 1 | Outras agrupacións profesionais | Administración Especial | Servicios especiais | Cometidos especiais. |
| Operario condutor | 2 | Outras agrupacións profesionais | Administración Especial | Servicios especiais | Persoal de oficios |
| Operario servizos | 3 | Outras agrupacións profesionais | Administración Especial | Servicios especiais | Persoal de oficios |
| Asistente domiciliaria | 1 | Outras agrupacións profesionais | Administración Especial | Servicios especiais | Cometidos especiais |
| PERSOAL EVENTUAL | | | | | |
| Denominación posto de traballo | | | Número de prazas | | |
| Asesor/a Alcaldía | | | 1 | | |
| Asesor/a Alcaldía | | | 1 (85% da xornada) | | |
| Asesor/a de Cultura, Deportes e Xuventude | | | 1 | | |
| Asesor/a de Servizos Sociais e Recursos Humanos | | | 1 | | |
| Asesores/as de Obras, Servizos, Urbanismo, Transportes e Medio Ambiente | | | 2 | | |
| Resumo | | | | | |
| Persoal funcionario | | | 133 | | |
| Persoal eventual | | | 6 (un ao 85% da xornada) | | |

O expediente exporase ao público na Intervención municipal polo prazo de 15 días hábiles, contados dende o seguinte ao da inserción deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, coa finalidade de que as persoas interesadas poidan realizar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o Cadro de Persoal do ano 2024, de conformidade co disposto no artigo 126 do real Decreto legislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes do Réxime local, remitindo copia ao Ministerio de Administracións Públicas, e ao órgano competente en materia de réxime local da Comunidade Autónoma, dentro do prazo de trinta días, sen prexuízo da súa publicación íntegra no *Boletín Oficial da Provincia* xunto co resumo do orzamento."

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á Sra. Pastor Novo, secretaria xeral do concello, para que informe de como vai ir a sesión.

Seguidamente a Sra. alcaldesa explica a proposta que se trae a aprobación.

Interveñen a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, a Sra. alcaldesa e o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación a proposta da Alcaldía de data 3 de xuño de 2024, que segundo o disposto no artigo 197 bis da Lei 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral efectúase mediante o sistema nominal de chamamento público.

Seguidamente, a Sra. secretaria procede ao chamamento dos/as concelleiros/as por orde alfabético de apelidos, nomeando en último lugar a Sra. alcaldesa, co seguinte resultado:

| Concelleiros/as | Sentido do seu voto |
|---------------------------------|----------------------------|
| Diego Alcantarilla Rei | Non |
| Ramón Boga Moscoso | Si |
| Daniel Carballada Rodríguez | Non |
| Manuel Castro Uzal | Si |
| Brais Cubeiro Fernández | Non |
| María Yolanda Díaz Baldomir | Si |
| Patricia Esther Espiñeira Galán | Non |
| Juan González Leirós | Si |
| Omar Gonzalo Lamela Vázquez | Non |
| María Elena Lauda Fernández | Si |
| David López Saborido | Si |
| Daniel Mallo Castro | Si |
| María Carmen Pan Matos | Si |
| Patricia María Parcero Quiñoy | Non |
| Diana Piñeiro Fernández | Non |
| María Mercedes Prieto Lamas | Non |
| María Teresa Prieto Miramontes | Non |
| Ana Rodríguez López | Non |
| Raúl Varela Fraguío | Si |
| Rubén Vázquez Pérez | Non |
| María Dolores Pan Lesta | Si |

A Sra. secretaria informa que, á vista do resultado da votación (10 votos a prol e 11 votos en contra), non se entende outorgada a confianza.

Á vista do resultado da votación non se aproba a proposta de Alcaldía de data 3 de xuño de 2024 (CVD: dPQXyR2Ybh0DAea8vFbn), anteriormente transcrita.



E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e cincuenta e sete minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe
A presidenta
(Asinada dixitalmente)

María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo